

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE FEBREIRO DE 2008, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a: MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a: M^a. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
D^a. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e un de febreiro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (17/12/2007, 27/12/2007, 17/01/2008 e 11/02/2008)

Dáse conta da corrección de erros no punto 7º da acta da sesión celebrada o día vinte e cinco de outubro do ano pasado, quedando redactado do seguinte xeito:

"7º.- Informe, se procede, sobre as bases para a adxudicación do concurso para a redacción do Plan de Sectorización e dos proxectos de urbanización e de parcelación do SUND-4 (parque empresarial de Vedra)

Dáse conta do borrador do prego de cláusulas económico administrativas que rexerán a adxudicación , por concurso aberto, da asistencia para a redacción do plan de sectorización coa documentación para a súa avaliación estratéxica ambiental e dos proxectos de urbanización e de reparcelación, do solo urbanizable non delimitado SUND-4 , parque empresarial de Vedra.

Pola Presidencia proponse:

1º.- Desenvolver, a través de sistema de cooperación, o Solo Urbanizable Non delimitado SUND-4

2º.- Aprobar o “Prego de cláusulas económico-administrativas que rexerán a adxudicación por concurso aberto da asistencia para a redacción do plan de sectorización, coa documentación para a súa avaliación estratéxica ambiental, e dos proxectos de urbanización e de reparcelación do Solo Urbanizable Non Delimitado SUND-4, Parque Empresarial de Vedra, que se xunta como anexo á presente acta.

3º.- Aprobar unha cuantía do 3% do orzamento de adxudicación en concepto de gastos por tramitación municipal.

Dona Xosefina Guitián do BNG di que lle satisface que as bases fosen consensuadas, aínda que lle sorprende que en determinado momento se solicitasen informes externos.

O Sr. Alvela de TEGA di que está a favor aínda que no seu momento propuxo outro modelo, e solicita que as achegas dos grupos se tomen en serio, xa que supoñen unha dedicación e un traballo que pretende se plasme en achegas serias.

O Sr. Martínez do PP di que tamén lle satisface que as bases fosen consensuadas e roga que as bases sexan sempre abertas.

A Presidencia expón que despois do PXOM, este Plan de Sectorización é o proxecto máis importante; que se elaboraron unhas bases e que se solicitaron informes ó respecto, tratando así de evitar prexuízos ós empresarios, que son os que en definitiva o financian, congratulándose de que se aproben.

Posta a votación o Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.”

De seguido dáse conta das actas das sesións celebradas os días dezasete e vinte e sete de decembro do ano pasado , dezasete de xaneiro e once de febreiro do ano que andamos, que son aprobadas por unanimidade dos asistentes

2º.- Acordo, se procede, sobre aprobación inicial da ordenanza fiscal nº 22, reguladora do servizo de ludoteca municipal

Dáse conta da proposta de ordenanza fiscal num. 22, reguladora da taxa pola prestación do servizo de ludoteca municipal.

Pola Presidencia proponse:

1º.- Aprobar provisionalmente a imposición da taxa pola prestación do servizo de ludoteca municipal

2º.- Darlle ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas

3º.- Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ó expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo de acordo co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que se trata dun servizo de gran interese social e que non dispón de financiamento externo e que a taxa non chega a financiar un 13% do custo do servizo.

Dona Xosefina Guitián do BNG di que en función do incremento do custo do servizo que supón a taxa para os interesados manterá a súa abstención.

Tamén é contraria á bonificación ás familias monoparentais.

O Sr. Martínez do PP tamén se mostra disconforme coa bonificación ás familias monoparentais popoñendo outra redacción.

Logo dun breve debate acéptase relacionar a bonificación das familias monoparentais coa renda do IPREM.

Posta a votación a citada proposta, o Pleno, coas abstencións do PP e BNG, apróbase coa matización exposta

Neste intre incorpórase o Sr. Alvela de TEGA

3º.- Acordo, se procede, sobre aprobación do regulamento do funcionamento da ludoteca municipal

Dáse conta do regulamento do funcionamento da ludoteca municipal, logo de incorporadas as modificacións propostas na Comisión Informativa.

Dona Xosefina Guitián do BNG expón a súa disconformidade coa redacción dalgún dos seus puntos en concreto o do persoal.

O Sr. Alvela de TEGA expón que debe quedar claro o tipo de persoal pero que a redacción pode servir a que está na proposta con algunha matización.

O Sr. Martínez do PP expón que lle parecen axeitadas as dúas propostas, a do Grupo de Goberno e a do BNG.

O Sr. Alvela está conforme coa proposta, e o Sr. Martínez tamén

Logo dalgunha matización, en canto ó réxime sancionador, aceptadas por todos os grupos, sométese a votación o citado regulamento aprobándose por unanimidade dos asistentes

4º.- Acordo, se procede, sobre ampliación do prazo de delegación de competencias de xestión tributaria na Deputación Provincial

A Deputación Provincial da Coruña ven de modificar as bases para a prestación de servizos tributarios ós concellos da provincia, para posibilitar que

se incremente ó 90% do importe das entregas mensuais a conta da recadación, a aqueles concellos que amplien o periodo de delegación de competencias ata o 1 de xaneiro de 2022

Co obxecto de que este concello sexa beneficiario desa posibilidade, propónse:

1º.- Prorrogar ata o 1 de xaneiro de 2022 as delegacións de competencias en materia tributaria realizadas por este concello na Deputación e que rematarían orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012. Esta mesma prórroga aplicarase ás delegacións que se acorden dende o día da data ata o 31 de decembro de 2011

2º.- Abrir un periodo de exposición pública de 30 días hábiles dende a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e presentación de alegacións.

O Sr. Alveta de TEGA di que o prazo lle parece excesivo.

O Sr. Martínez do PP expresa a súa conformidade coa proposta.

O Pleno, con doce votos a favor do PSdeG-PSOE , PP e BNG, e 1 abstención de TEGA, acorda aprobar a citada proposta.

5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación de operación de préstamo para investimentos

Dáse conta das ofertas presentadas para a contratación, por procedemento negociado, dunha operación de endebedamento para investimentos, coas seguintes características: Importe : 210.000 euros; Prazo: dez anos; periodo de carencia: 1 ano; tipo de interese: variable e tipo de referencia: euribor a 90 días (+ diferencial).

Á vista das ofertas presentadas , e de acordo coa acta de apertura das propostas e do informe técnico, propónse adxudicar a operación de préstamo a oferta num. 3 do Banco de Crédito Local : euribor a 3 meses + 0,08% con domiciliación da participación dos tributos do Estado.

O Pleno, con seis votos a favor do PSdeG-PSOE e sete abstencións do PP, TEGA e BNG, acorda aprobar a citada proposta

6º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG sobre funcionamento do servizo postal universal no termo municipal

Dáse conta da moción do BNG na que se expón que coa aprobación polo Goberno do Estado do regulamento rector da prestación dos servizos postais, créanse os chamados "entornos especiais" , polo que a entrega de envíos postais

ordinarios realizarase a través de buzóns individuais non domiciliarios e de casilleiros concentrados pluridomiciliarios. Ademais establece que e entidade prestadora do servizo postal universal poderá “convenir cos usuarios, os concellos, así como os promotores ou establecementos, ubicación e financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios”

Dado que Galicia conta con 32.000 núcleos de poboación e máis do 50% dos carteiros de España, créase unha situación grave, que minora a condición de servizo público dos correos, que non ofrece garantías de inviolabilidade da correspondencia, que obedece a criterios puramente economicistas e non de seguridade e de eficacia do servizo , e que pode ademais supor a perda de máis de 400 postos de traballo.

Por todo iso, propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Dirixirse ó Goberno Galego para que inste ó Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revogando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

2º.- Enviar o presente acordo ó Presidente e ó Vicepresidente da Xunta de Galicia, ó Presidente do Goberno do Estado e á Ministra de Fomento.

O Sr. Alvela de TEGA está de acordo coa moción.

O Sr. Martínez do PP tamén está de acordo coa moción.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que se absterán dado que o decreto xa está funcionando e que, no único caso onde afectaría sería a vivendas a máis de 250 mts dunha vía pública e polo tanto agardarán ó que pase.

Posta a votación a citada moción apróbase con sete votos a favor do PP, BNG e TEGA e seis abstencións do PSdeG-PSOE.

7º.- Acordo, se procede, sobre moción conxunta do BNG e PP sobre da desaparición da tarifa eléctrica nocturna

Dáse conta das mocións refundidas do BNG e do PP presentadas con motivo da desaparición da tarifa eléctrica 2.ON (tarifa nocturna) a partir do 1 de xullo de 2008, que supón para os consumidores acollidos á mesma un importante gasto tanto polo incremento na factura mensual polo consumo de electricidade , como pola substitución dos limitadores de potencia e pola adaptación dos sistemas de calefacción, propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria

2º.- A poñer en marcha unha estratexia de información e apoio para que as familias deste concello que teñan contratada tarifa nocturna 2.0 con discriminación nocturna, reciban o asesoramento necesario que lles permita realizar de forma adecuada a adaptación á nova tarifa de discriminación horaria.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que a cuestión práctica se alexa na realidade ó exposto nas mocións, vendo exemplos concretos de comparativa de gasto, polo que o seu grupo absterase.

Posta a votación a moción conxunta do PP e BNG, apróbase con sete votos a favor do PP, BNG e TEGA e seis abstencións do PSdeG-PSOE.

8º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP para evitar o impacto sobre das economías familiares da desaparición da tarifa eléctrica nocturna

Retírase o refundidar a moción coa presentada polo BNG.

9º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP para a supresión do canon dixital

Dáse conta da moción do PP na que con motivo da publicación e entrada en vigor dos novos cánones dixitais que teñan á súa orixe no artigo 25 da Lei de Propiedade Intelectual, e ante o evidente prexuízo á totalidade de usuarios e consumidores que esta medida representa, dado que grava igual de indiscriminadamente a calquera usuario da tecnoloxía e que se trata dun imposto de carácter xeral a favor de persoas privadas, sen ningún tipo de control por parte do Estado, e que está a recadar incluso por obras de autores e creadores non representados polas entidades de xestión, propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Concello de Vedra, como representante de todos os seus veciños e veciñas, mostra a súa adhesión á PLATAFORMA TODOS CONTRA O CANON, apoiando a quenes actúen en defensa de toda a cidadanía

2º.- Asimesmo, insta ó Goberno para que proceda á derogación do art. 25 da Lei de Propiedade Intelectual e, en todo caso, solicita ó Goberno a exclusión municipal do pago deste canon.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di estar de acordo coa moción dando unha explicación ó respecto, o mesmo co Sr. Alvela de TEGA.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que votarán en contra dado que a moción obedece a oportunismo político e que España está á cabeza do mundo en canto a descargas ilegais e di que están a favor de medidas que apoiem a cultura, o que non supón que estean a favor do canon nin da SGAE, proponendo debatir a moción despois do 9 de marzo e retirala deste pleno dado o seu oportunismo político, e solicítalle o BNG que manteña a mesma postura do seu grupo no Parlamento Galego.

O Sr. Martínez do PP di que non a retirará e que é oportuna xa que agora é o momento no que se pode presionar e que xa algún partido se comprometeu a retirar o canon.

Dona Xosefina Guitián di que ten liberdade para votar o que considere oportuno neste caso.

Posta a votación a citada moción apróbase con sete votos a favor do PP, BNG e TEGA e seis abstencións do PSdeG-PSOE.

10º.- Aprobación, se procede, do proxecto de instalacións deportivas en San Fins de Sales

Dáse conta da seguinte proposta:

Aprobar o proxecto básico e de execución de *instalaciones deportivas en San Fins de Sales*, por importe de cincocentos vinte e dous mil catrocentos trinta e dous euros con sesenta e oito céntimos (#522.432,68#), redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela .

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón a conveniencia de aprazar o asunto xa que lle parece que o proxecto está incompleto, dado que ó parecer lle faltan vestiarios, baños e tamén porque falta financiamento externo, e que o seu trámite non debe facerse con tanta urxencia, e darlle conta a todas as partes implicadas.

O Sr. Alvela de TEGA di coincidir basicamente co BNG na súa exposición e que o complexo debe facerse con todas as garantías previas.

O Sr. Martínez do PP expón que as cousas importantes deben de facerse ben e sen prexuízo de que se den os pasos debe informarse a asociacións coma o Clube Olímpico.

A Presidencia retira o punto da orde do día.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que o proxecto foi solicitado por un clube e que hai unha convocatoria de subvencións no que se ía incluír.

11º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da selección dun fisioterapeuta, que o decreto é do día 10, que o 17 lanzouse oferta na oficina de emprego, presentándose 7 candidatos e tiveron lugar as probas o día 27/12/2007, ás 10:30 horas.

2.- Sobre do cambio de modalidade de contrato de don Antonio Gago Iglesias e dona Patricia Deber que se cambiou o contrato para que non houbera agravio cos traballadores da brigada verde.

3.- En canto ó embudo da ponte sobre do ferrocarril da estrada A Gaiosa - Ponte de Sarandón, di que hoxe mesmo estivo o capataz e que se sinalizarán proximamente cando se pinte a calzada e se rematen as obras.

--Ás preguntas de don José Alvela de TEGA sobre do desprendemento de pedras en Silva de Abaixo, a Presidencia di que xa está arranxado e en canto á conexión á rede de suimidoiros de veciños de Afós -Santa Cruz de Ribadulla, que se solucionará de inmediato.

--Ás preguntas de don Carlos Martínez do PP, a Presidencia contéstalle:

1.- Á pregunta sobre da falta de auga na Casa de Cultura de San Xián de Sales, a Presidencia di que se fará a conexión proximamente senón con un pozo.

2.- En canto ás obras de saneamento en San Xián de Sales, di que se está con un plan director e cando se faga este procederase na medida do posible.

3.- Sobre do alumeadado de nadal na parroquia de Merín, di que xa estaba posto por algún veciño

4.- Á pregunta sobre do arranxo de muiños en Os Muíños, di que teñen a autorización, en principio, de todos os propietarios, aínda que pode faltar algunha. Ó mesmo tempo empraza ó Sr. Martínez para que avise se é que sabe de algún que non asinase a cesión..

12.- Rogos e preguntas

Dona Xosefina Rosa Guitián do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Cantos peóns de Protección Civil hai actualmente no Concello?

2.- Para que exactamente se necesitan os 15 peóns de Protección Civil que prevé contratar o concello segundo as solicitudes de subvención?

3.- Que traballo exacto teñen que facer 5 monitores de turismo/deportes/tempo libre?

4.- Para quen son os lotes de Nadal que se repartiron, por importe de 2.900 euros?

5.- Está aprobado dende o 2006 o proxecto de saneamento xeral de Tomonde;

-Que xestións fixo o concello para conseguir cartos que permitan comezar esta obra, especialmente reclamada polos problemas de insalubridade que se presentan neste núcleo?

-Puxo o concello en coñecemento de Augas de Galicia o feito de que discorran augas fecais ó aire libre pola aldea e Tomonde?

-Tomou o concello de oficio algunha medida para ver de onde veñen os residuos e solucionalo?

6.- Dende o BNG volvemos rogar unha vez máis que se inicien os traballos do proxecto de saneamento aprobado, e se busque unha solución ó problema dos residuos contaminantes que discorren pola aldea de Tomonde, sen colocar parches de instalacións temporais (fosas sépticas ou outros) que provoquen ó final máis gastos a todos os veciños pola actuación incorrecta duns poucos

7.- No pleno de outubro de 2006 aprobouse unha moción sobre as casas de cultura pola que o Concello pasará a facerse carga da limpeza das zonas comúns destas casas. Cando pensa o Concello empezar a facelo?

8.- Por que non se informa no Boletín dos acordos plenarios, especialmente cando se aproban Regulamentos ou Ordenanzas que van a afectar ós veciños?

9.- Volvemos rogar se colguen da páxina web todos os Regulamentos e Ordenanzas municipais, e se lle dea traslado a asociacións, e se informe ós veciños no voceiro, de todas aquelas aprobadas recentemente.

10.- En que situación está a depuradora de San Xián?

--Don José Alvela de TEGA pregunta

1.- En que situación actual se atopa o convenio coa gardería de San Fins ?

2.- No pleno do mes de xullo de 2007 fixen o seguinte rogo: incluír na toponimia de San Miguel de Sarandón os lugares de Piñeiros, Casablanca e Legarei. Cursou este pedimento á Xunta? En que situación se atopa?

3.- Se a Xunta de Goberno concedeu licenza para o cerramento dunha finca en A Lagoa en Santa Cruz de Ribadulla, pois comunicáronnos que unha parte ocupaba terreo público?

4.- Rogo: solicitar un cerramento metálico (barreiras) ou algo semellante que sirva de protección nunha pista de O Bao á altura aproximada da casa de Gerardo Mosquera, dado que hai unha poza de auga, co risco de que alguén poida caer dentro dela.

5.- Trasladar á Xunta e onde proceda as queixas sobre a forma impropiedade de aplicar herbicidas nas marxes da estrada AC-241 e da autoestrada, posto que nalgún momento secaron ramas de árbores frutais que gardaban a distancia regulamentaria.

--Don Carlos Martínez, concelleiro e voceiro do grupo Municipal do Partido Popular, formula para a súa contestación as seguintes preguntas:

1.- En relación á xente de San Xián que durante as obras do alcantarillado xa pagou os enganches, vanse cobrar de novo ditos enganches polo concello?

2.- Vaise pasar a ITV dos tractores de Vedra? Se a resposta é afirmativa, cando?; se a resposta é negativa: que fixo, fai ou fará o concello para que volvan a pasar a ITV dos tractores de Vedra?

Ademais fai os seguintes rogos:

1.- Rogamos que no lugar de Marzán nº 20 coloquen o soporte do colector de basura, dado que nos buratos feitos para o mesmo xa caeu algún rapaz.

2.- Rogamos que arranxen o camiño que vai dende o lugar anteriormente citado á casa de Serto

3.- Rogamos que no mes de marzo de 2008 se manteña unha reunión entre o alcalde, un representante de cada forza política do concello, e a Asociación de Veciños de Santa Cruz de Ribadulla, co fin de concretar de forma urxente e definitiva as actuacións a facer no lugar de Tomonde para solventar e

solucionar antes do verán 2008 o problema de verquidos fecais e outros que alí se están a producir dende hai tempo.

4.- O pasado día 6 de febreiro foi presentada pola Asociación Vereas no concello unha invitación a todos os membros da corporación para asistir ó acto inaugural das I Xornadas de formación e mostra audiovisual "formAcción", a celebrar o pasado día 9. Dita invitación foi transmitida a ester grupo municipal o pasado luns día 11 pola noite, isto é, dous días despois de que se celebrara o acto, polo que ROGAMOS que, en vindeiras ocasións, o grupo de goberno coide as formas e se nos transmitan as invitacións en tempo e forma.

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e quince minutos

